



SESION ORDINARIA DE 29 DE ABRIL DE 2025

(Acta número 04)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as Deputados/as:

D. Efrén Castro Caloto
D^a. María del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández
D. Iván Castro Díaz
D. Daniel García Fernández
D. Antonio Ameijide Osorio
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Angel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
D^a Iria Castro Fernández
D. Carlos López López
D. Javier Varela Pérez
D. Armando Castosa Alvariño
D^a. María Sol Morandeira Morandeira
D. Francisco Cajoto Caserío
D. José Demetrio Salgueiro Rapa
D. José María Fernández Vázquez
D. Clemente Iglesias González
D. Luis Fernández Guitián
D^a. María del Carmen López Moreno
D. Héctor Manuel Corujo González

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do día **vinde e nove de abril de dous mil vinte catro**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnen-se as señoras e señores deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este efecto.

Actúa de secretario o titular da Corporación D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

	IV7SYMKNBYXJLOUJ2RY4CRJXMU		Fecha y Hora	10/05/2025 08:49:53	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYMKNBYXJLOUJ2RY4CRJXMU		Página	1/24	

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E CINCO DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e cinco de marzo de dous mil vinte e cinco, e, ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250429&punto=1>

2.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA DEPUTACIÓN DE LUGO POLO DÍA NACIONAL DA CONVENCIÓN SOBRE DEREITOS DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE, 3 DE MAIO DE 2025.

Logo de ver a Declaración Institucional da Deputación de Lugo polo Día Nacional da Convención sobre dereitos das persoas con discapacidade, 3 de maio de 2025, que foi consensuada por tódolos Grupos en Xunta de Voceiros, e que textualmente di o seguinte:

“O 22 de febreiro de 2019, o Consello de Ministros declarou o 3 de maio como Día Nacional en España da Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade de Nacións Unidas. Esta Convención, recoñecida como un tratado internacional de dereitos humanos de obrigado cumprimento, orienta aos Estados na adopción de políticas baseadas nun enfoque de dereitos humanos en materia de discapacidade.

España ratificou este tratado en 2007 e incorporou o seu contido ao ordenamento xurídico o 3 de maio de 2008. Desde entón, supuxo un avance significativo na garantía de dereitos para as persoas con discapacidade. Entre os seus principais logros destacan a súa integración no sistema de protección de dereitos humanos de Nacións Unidas, o recoñecemento da discapacidade como unha cuestión de dereitos fundamentais e a creación dun marco legal esixible.

A Convención susténtase en principios esenciais como a dignidade, a autonomía, a igualdade de oportunidades, a non discriminación, a accesibilidade e a participación inclusiva. Ademais, promove a igualdade de xénero e o respecto á identidade e o desenvolvemento da infancia con discapacidade, principios que deben aplicarse de maneira transversal na defensa e garantía dos dereitos recoñecidos no tratado.

Segundo os últimos datos do Instituto Nacional de Estatística, en España hai máis de catro millóns de persoas con discapacidade. Con todo, só una de cada catro en idade laboral ten emprego. Ademais, un millón e medio de persoas enfrenta barreiras para

	IV7SYMKNBYXJLOUJ2RY4CRJXMU	Fecha y Hora	10/05/2025 08:49:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYMKNBYXJLOUJ2RY4CRJXMU	Página	2/24





desprazarse na súa vivenda, o seu edificio e os seus accesos, dificultades que tamén afectan os espazos públicos, as cidades e o acceso ás novas tecnoloxías e a comunicación.

O deseño de contornas, produtos e servizos segue respondendo maioritariamente a un modelo baseado na ausencia de discapacidade ou de necesidade de apoio. Esta visión xera barreiras que limitan a participación plena das persoas con discapacidade e perpetúa situacións de discriminación.

A Convención contribúe a visibilizar ás persoas con discapacidade, recoñecendo a súa dignidade, o seu valor e a súa liberdade. Así mesmo, impulsa un cambio de perspectiva na sociedade: onde antes poñíase a énfase na discapacidade, agora priorizar o recoñecemento das súas capacidades, a súa vida en comunidade e o seu dereito para desenvolver o seu propio proxecto de vida.

A conmemoración deste día busca sensibilizar sobre a importancia de cumprir cos tratados internacionais de dereitos humanos ratificados por España e resaltar o papel da Convención como referencia clave no desenvolvemento de políticas públicas e reformas lexislativas en materia de discapacidade.

Un avance significativo nesta liña foi a reforma do artigo 49 da Constitución Española, aliñado agora cos principios da Convención. Tanto esta reforma como o tratado comparten un mesmo obxectivo: garantir o pleno exercicio dos dereitos humanos das persoas con discapacidade, eliminando barreiras e fomentando a súa inclusión real e efectiva na sociedade.

Ademais, en 2024 o Parlamento Europeo aprobou a directiva que regula a tarxeta europea de discapacidade e actualiza a tarxeta de estacionamento reservado para persoas con discapacidade en toda a Unión Europea. Esta regulación supón un avance importante ao establecer un estatuto europeo que recoñece os dereitos deste colectivo máis aló da normativa específica de cada Estado.

Este 3 de maio, a Deputación de Lugo reafirma o seu compromiso cos principios e mandatos da Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade e fai un chamamento aos Gobernos Locais para que formulen as súas políticas desde un enfoque baseado nos dereitos humanos, por iso:

- Instamos as entidades locais a garantir a accesibilidade universal, a igualdade de oportunidades, a non discriminación e a plena inclusión das persoas con discapacidade na vida social, económica e cultural dos nosos municipios e cidades.

	IV7SYMKNBYXJLOUJ2RY4CRJXMU		Fecha y Hora	10/05/2025 08:49:53	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYMKNBYXJLOUJ2RY4CRJXMU		Página	3/24	

- Solicitamos ás entidades locais que contribúan á loita contra a discriminación laboral das persoas con discapacidade para que teñan as mesmas oportunidades de que o resto da poboación para o seu desenvolvemento profesional e persoal.

- Instamos as entidades locais a cumprir coa reserva de prazas ofertadas de emprego público para persoas con discapacidade segundo o establecido legalmente e a realizar accións para o impulso da súa contratación por parte do sector empresarial.

- Chamamos aos Gobernos Locais a promover a participación activa das persoas con discapacidade na toma de decisións que afectan á súa vida e á súa comunidade. É fundamental garantir a súa representación nos órganos de consulta e no deseño de políticas públicas que impacten no seu benestar, reforzando así o principio de autonomía e autodeterminación.

- Instamos os Gobernos Locais a impulsar políticas públicas de vivenda que garantan o dereito das persoas con discapacidade e as persoas maiores a unha vivenda digna, accesible e adaptada ás súas necesidades. É fundamental fomentar a rehabilitación e adaptación do parque de vivendas existente, así como o desenvolvemento de novas fórmulas habitacionais inclusivas, como vivendas con apoios, modelos colaborativos ou solucións de 'cohousing', que favorezan a autonomía e a vida independente na comunidade.

- Animamos ás entidades locais a investir en contornas accesibles e no desenvolvemento de solucións innovadoras que favorezan a autonomía das persoas con discapacidade. Desde a adaptación dos espazos urbanos ata a incorporación de tecnoloxías accesibles, é imprescindible avanzar cara a cidades deseñadas para todas as persoas, sen excepcións nin barreiras. A accesibilidade universal debe ser un pilar esencial no urbanismo e a planificación dos nosos municipios.

- Solicitamos ás entidades locais que cumpran cos principios reitores e as disposicións establecidos na Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade. Só desde a acción local poderemos construír unha sociedade máis inclusiva e xusta para todas as persoas, onde a diversidade sexa recoñecida como un valor e cada persoa poida desenvolver a súa vida con autonomía, igualdade e dignidade. É momento de transformar o compromiso en accións concretas que garantan un futuro sen barreiras nin exclusións".

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á Declaración Institucional anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250429&punto=2>

	IV7SYMKNBYXJLOUJ2RY4CRJXMU	Fecha y Hora	10/05/2025 08:49:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYMKNBYXJLOUJ2RY4CRJXMU	Página	4/24





PARTE RESOLUTIVA

3.- PROPOSTA PARA SOLICITUDE DE ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN DE LUGO Á REDE DE ENTIDADES LOCAIS GANDEIRO CÁRNICA.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Visto o informe do Servizo de Promoción do Territorio e Turismo.

O sector gandeiro-cárnico desempeña un papel fundamental no desenvolvemento económico, social e ambiental de moitas entidades locais, xerando emprego, fixando poboación no territorio e contribuíndo á sustentabilidade e seguridade alimentaria.

Conscientes da importancia deste sector e da necesidade de fortalecer a colaboración entre municipios para afrontar os seus retos e oportunidades, constituíuse a Rede de Entidades Locais Gandeiro-Cárnica no seo da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP).

Esta Rede ten como finalidade impulsar o intercambio de experiencias, a cooperación institucional e o desenvolvemento de estratexias comúns para apoiar e fortalecer a actividade gandeiro-cárnica no ámbito local.

A adhesión a esta Rede permitiranos:

- Participar nun espazo de traballo conxunto con outras entidades locais comprometidas co sector.
- Acceder a información, asesoramento e boas prácticas sobre políticas de apoio á gandería e a industria cárnica.
- Contribuír ao deseño e aplicación de estratexias que favorezan a sustentabilidade, modernización e competitividade do sector.
- Reforzar a colaboración con outras administracións, entidades e actores do sector para impulsar iniciativas conxuntas.
- Por todo iso, considérase de interese para [nome da Entidade Local] solicitar a adhesión á Rede de Entidades Locais Gandeiro-Cárnica.

Por todo o exposto, elévase ao Pleno a seguinte proposta de acordo:

	IV7SYMKNBYXJLOUJ2RY4CRJXMU		Fecha y Hora	10/05/2025 08:49:53	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYMKNBYXJLOUJ2RY4CRJXMU		Página	5/24	

1º.- Aprobar a adhesión da Deputación Provincial de Lugo á Rede de Entidades Locais Gandeiro-Cárnica.

2º.- Facultar ao Presidente da Deputación Provincial de Lugo para que realice todos os trámites oportunos para a adhesión da Deputación Provincial de Lugo á Rede de Entidades Locais Gandeiro Cárnica.

3º.- Dar traslado do presente acordo á Secretaría Técnica da Rede para a súa tramitación”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250429&punto=3>

4.- APROBACIÓN INICIAL DO PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO (PEF) 2025-2026.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, que textualmente di o seguinte:

“A Proposta de Acordo sometida a votación é a seguinte:

“Logo de ver o informe emitido por esta Intervención o 27 de febreiro de 2025 de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto, débeda pública e período medio de pago a nivel consolidado, con motivo da liquidación do orzamento da propia entidade de 2025, e Resolución da Presidencia de aprobación da liquidación o 28 de febreiro de 2025, onde se pon de manifesto o incumprimento da regra de gasto, elabórase o Plan económico-financeiro (PEF) 2025-2026 que se achega, suscrito polo Presidente e informado favorablemente pola Intervención, para acadar o cumprimento da regra de gasto, e elévase ó Pleno para a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobación inicial do Plan económico-financeiro 2025-2026.

	IV7SYMKNBYXJLOUJ2RY4CRJXMU		Fecha y Hora	10/05/2025 08:49:53	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYMKNBYXJLOUJ2RY4CRJXMU		Página	6/24	



Segundo: Dar traslado do presente acordo e do Plan Económico Financeiro 2025-2026 á Xunta de Galicia, como órgano encargado da súa aprobación definitiva e o seu seguimento, tal e como establece o artigo 23.4 da LOE.

Terceiro: aplicar a publicidade establecida legalmente para os Orzamentos da entidade”.

Toma a palabra a Interventora para explicar que a elaboración deste Plan ven do incumprimento, a nivel consolidado, da regra de gasto, como consecuencia do incumprimento no Consorcio de bombeiros e, ante a incapacidade de reconducilo nas contas do Consorcio, as medidas a adoptar propostas son a declaración de non dispoñibilidade nos créditos de persoal da Deputación no ano 2025 e no capítulo 7 no 2026, aínda que isto último será revisado en base á execución das contas deste destes anos. Indica que a súa tramitación segue os mesmos pasos que a aprobación do Orzamento. O Presidente recalca que non se trata dun recorte do gasto, senón que dunha declaración de non dispoñibilidade, e que o borrador do Plan xa foi adiantado á Xunta, recibindo pola súa parte o “ok”.

A Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, por maioría, coa abstención dos Sres. Deputados, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, D. Luís Fernández Guitián e D. Francisco Javier Balado Teijeiro, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta sinalada no epígrafe, e propoñer ao Pleno a súa aprobación”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250429&punto=4>

--oo0oo--

5.- PROPOSTA DE GOBERNO EN APOIO Á LÍNGUA GALEGA CON MOTIVO DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta de goberno sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

	IV7SYMKNBYXJLOUJ2RY4CRJXMU		Fecha y Hora	10/05/2025 08:49:53	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYMKNBYXJLOUJ2RY4CRJXMU		Página	7/24	

“A Deputada Provincial D^a. Iria Castro Fernández, na súa condición de voceira do BNG na Deputación de Lugo e a deputada Provincial, D^a Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presenta á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Proposta de Goberno en apoio á lingua galega con motivo do Día das Letras Galegas

Exposición de Motivos:

Novamente o 17 de maio celebraremos o “Día das Letras Galegas” cun idioma vivo a pesar dos constantes atrancos que a administración galega lle pon a diario. Segue sendo necesario amosar a forza da nosa cultura, a forza do noso pobo e a forza da lingua galega diante da permisividade da administración galega fronte á constante exclusión do galego e fronte aos que traballan a prol do desmantelamento da súa oficialidade

De aí que non poidamos estar máis de acordo co chamamento “¡Lingua viva xa! Paremos a emerxencia lingüística!”, que a plataforma cidadá Queremos Galego lanza animando a cidadanía a mobilizarse ese día. Sendo conscientes da necesidade de “transformar a emerxencia lingüística en forza reparadora”.

Este ano procede facer unha dobre homenaxe, unha homenaxe á lingua e á nosa cultura popular, á cultura popular que se expresa na nosa lingua, que se expresa en galego, e que se mantivo viva na voz das cantareiras resistindo todos os intentos de apagala; a pesar de non estaren sempre acompañadas na súa defensa.

Por todo o exposto con anterioridade, o Goberno da Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo dos seguintes acordos e de dar traslado aos mesmos.

ACORDOS:

1.- Apoiar a mobilización convocada pola Plataforma Queremos Galego para o vindeiro día 17 de maio de 2025 en Santiago de Compostela baixo o chamamento “¡Lingua viva xa! Paremos a emerxencia lingüística!”.

2.- Apoiar o “Proceso Lingua Vital”, impulsado pola Plataforma Queremos Galego, que pretende avaliar o cumprimento dos acordos nacionais xa tomados sobre a lingua galega e os obstáculos que impediron aplicar ditas medidas, tanto do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, como da Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos ou da Carta Europea de Linguas Rexionais e Minorizadas”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar

	IV7SYMKNBYXJLOUJ2RY4CRJXMU	Fecha y Hora	10/05/2025 08:49:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYMKNBYXJLOUJ2RY4CRJXMU	Página	8/24





favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250429&punto=5>

6.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA RECLAMANDO A ALCOA QUE CUMPA OS ACORDOS COS TRABALLADORES E A ACHEGA DE FONDOS PÚBLICOS PARA FACILITAR A OBRA DO FORNO DE COCCIÓN DE ÁNODOS.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, a teor do seguinte texto:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe a teor do seguinte texto:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista reclamando a Alcoa que cumpra os acordos cos traballadores e a achega de fondos públicos para facilitar a obra do forno de cocción de ánodos

En novembro de 2023, apenas nove meses despois de firmar o acordo de viabilidade para garantir o futuro da actividade nas instalacións de San Cibrao, a multinacional Alcoa anunciaba a suspensión das obras de investimento no Forno de Cocción de Ánodos. Este investimento era un dos puntos de mellora fundamental recollidos no acordo de febreiro de 2023, que incrementaba os investimentos e dotacións xa contemplados no acordo de decembro de 2021.

No seu momento, Alcoa xustificou a paralización das obras (dunha duración estimada de 22 meses) no difícil contexto económico previsto para o ano 2024. O certo é que, fronte ás perdas de 625M€ rexistradas en 2023, a compañía entrou en beneficios netos – 57M€- no ano 2024. Pero a pesares disto, nada se sabe dese investimento crucial, paralizado hai ano e medio. Cumpre lembrar que en decembro de 2024, a compañía aseguraba que contar con ese forno non é esencial para o futuro da planta.

	IV7SYMKNBYXJLOUJ2RY4CRJXMU		Fecha y Hora	10/05/2025 08:49:53	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYMKNBYXJLOUJ2RY4CRJXMU		Página	9/24	

Mesmo sen entrar en detalles técnicos do proceso de elaboración de aluminio, resulta difícil compartir esa opinión. Na situación actual de inestabilidade económica internacional xerada pola guerra de aranceis posta en marcha pola administración norteamericana, planificar a produción ca necesidade de asumir a importación do 100% dos ánodos supón un risco difícil de asumir e xera unha vulnerabilidade que suma novas incertezas para os traballadores.

Contar cun forno propio de cocción de ánodos resulta xa que logo imprescindible para a actividade e a viabilidade da compañía. Cumpre lembrar que o vello forno de cocción foi demolido co compromiso de construír un novo. Por iso a paralización das obras do mesmo foi cualificada polos traballadores como un intento encubierto de levar a cabo un peche patronal ou de querer financiar a produción da planta cos fondos recollidos no acordo de viabilidade como investimentos de mellora.

Os socialistas lucenses defendemos dende o primeiro momento a continuidade da actividade en San Cibrao, respaldando as reclamacións dos traballadores. Apostamos polo emprego e pola viabilidade dunhas instalacións que contan cun capital humano de primeiro nivel, cun futuro que non pode quedar ó albur dos xogos especulativos dunha multinacional. Por iso presentamos ante o Pleno da Deputación Provincial de Lugo para o seu debate e aprobación esta Moción para reclamar:

- Que a multinacional Alcoa cumpra co acordo de viabilidade firmado en febreiro de 2023.
- Que as administracións convoquen a mesa de seguimento do devandito acordo ca periodicidade contemplada no mesmo
- Que se faciliten mediante a concesión de créditos ICO, do IGAPE ou por calquera outra forma de financiamento publico que Alcoa poda acometer, de forma inmediata, o investimento na obra do forno de cocción de ánodos suspendida en decembro de 2023.
- Que a SEPI e o IGAPE se fagan cargo da factoría de San Cibrao se a empresa Alcoa non cumpre cos termos recollidos no acordo de viabilidade”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvriño, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Ante esta moción por parte do Grupo Provincial Popular preséntase unha emenda de engádegas, do seguinte teor:

	IV7SYMKNBYXJLOUJ2RY4CRJXMU	Fecha y Hora	10/05/2025 08:49:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYMKNBYXJLOUJ2RY4CRJXMU	Página	10/24





“O Grupo Provincial Popular propón engadir ao texto da proposta de acordos formulada os seguintes puntos:

- Que a Deputación de Lugo se comprometa a esixir ás administracións con representación na mesa de seguimento do pacto de viabilidade de Alcoa que velen pola continuidade da operación da planta e o mantemento do emprego.
- Que o goberno da Deputación de Lugo traslade ao Goberno de España a necesidade de articular unha liña de axudas públicas e apoios extraordinarios que garantan o investimento para a modernización da planta no mesmo sentido que as que recibiron outras empresas tamén declaradas estratéxicas polo Estado”.

A emenda é rexeitada polo Grupo proponente da moción.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250429&punto=6>

7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA RECLAMANDO Á XUNTA DE GALICIA UN PLAN DE MEDIDAS DE APOIO PARA OS SECTORES AFECTADOS POLA POLÍTICA ARANCELARIA DE ESTADOS UNIDOS.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista reclamando á Xunta de Galicia un plan de medidas de apoio para os sectores afectados pola política arancelaria de Estados Unidos.

O anuncio por parte do Goberno Norteamericano de novas medidas arancelarias ten provocado unha vaga de desestabilización da economía mundial que está a afectar tamén a Galicia. O noso sector vinícola, o agrogandeiro, así como boa parte da nosa produción industrial, vese afectada por unha decisión unilateral que ameaza con minguar a presenza dos nosos produtos nun dos seus mercados principais, no que a nosa presenza non deixaba de medrar.

	IV7SYMKNBYXJLOUJ2RY4CRJXMU		Fecha y Hora	10/05/2025 08:49:53	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYMKNBYXJLOUJ2RY4CRJXMU		Página	11/24	

Por desgracia, ante unha ameaza nova, a Xunta resposta sempre ca súa vella política da pasividade, dos brazos caídos, do non facer nada e esperar que as cousas amañen soas. A Xunta carece de política industrial para Galicia e para Lugo. Nada fixo ante o peche de industrias na Mariña; nada aportou para solucionar a situación de Alcoa; ausente tamén cando os nosos agricultores sofren a pegada das choivas torrenciais ou da saraiba.

A inacción da Xunta contrasta ca capacidade de reacción do Goberno. Dende o primeiro momento, o executivo de Pedro Sánchez mobilizou 14.000M€ en axudas para os sectores afectados, incluíndo liñas de axudas que as empresas non terán que retornar. E as recentes viaxes do presidente e dalgún ministro a destinos como China, Vietnam e Estados Unidos, coordinadas dentro da política da Unión Europea, amosan unha clara capacidade de xestión e liderado.

Fronte a isto, a reunión propagandística que a Xunta artellou o pasado día 14, con catro conselleiros presidindo a foto, produce unha sensación de vergonza, improvisación e absoluto descoñecemento do que nos estamos a xogar no eido económico.

Vergonza porque fronte a unha crise sen precedente o señor Rueda mobiliza 50M€, o equivalente ó 0,35% do orzamento anual da Xunta. E son fondos que xa estaban incluídos neste, non son achegas novas. Improvisación porque está claro que esa cantidade non é dabondo para afrontar a pegada da situación. E a conselleira de Economía e Industria revela a cortedade de miras gdo executivo galego cando fala de créditos supeditados ós catro anos de mandato do presidente Trump, sen entender que a pegada dunha crise como esta excede os límites dos calendarios políticos. Que as recuperacións non son automáticas, que precisarán tempo, como están a sinalar os economistas.

Dende o Grupo Socialista, mantemos o noso pleno compromiso co tecido produtivo da provincia, especialmente nuns tempos convulsos nos que decisións inesperadas requiren medidas de apoio e capacidade de reacción e liderado. Por iso presentamos ante o Pleno da Deputación Provincial de Lugo para o seu debate e aprobación esta Moción para que a Xunta de Galicia:

- Deseñe un plan de medidas de apoio para os sectores afectados pola política de aranceis de Estados Unidos. Un plan que harmonice as súas medidas cas xa aprobadas polo Goberno do Estado e que inclúa, entre outras:
 - a mobilización de novos fondos
 - axudas non reembolsables para as empresas máis afectadas
 - plan específico de apertura de novos mercados

	IV7SYMKNBYXJLOUJ2RY4CRJXMU	Fecha y Hora	10/05/2025 08:49:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYMKNBYXJLOUJ2RY4CRJXMU	Página	12/24





- Acepte as ofertas de colaboración feitas polos partidos da oposición para colaborar no deseño do devandito plan”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250429&punto=7>

8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG EN DEFENSA DA REDUCCIÓN DAS RATIOS E DA BUROCRACIA NO ENSINO GALEGO.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“A Deputada Provincial D. Iria Castro Fernández, na súa calidade de Voceira do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción en defensa da redución das ratios e da burocracia no ensino galego

Exposición de Motivos:

A Consellaría de Educación vén de facer públicas unhas instrucións para permitir acadar ratios de 25 alumnos/as nas das aulas de 6º de Educación Infantil e de Educación Primaria que terían que manterse entre 20 e 25 alumnos e alumnas, ao teren neste curso esa matrícula.

A medida afecta a todos os cursos de Primaria e 6º de Infantil e tómase en virtude do artigo 40.4 da Lei 4/2024 na que se recollen as ratios froito do acordo asinado por CCOO, ANPE e UGT co presidente Rueda, enterrando as expectativas do profesorado galego para mellorar as

	IV7SYMKNBYXJLOUJ2RY4CRJXMU		Fecha y Hora	10/05/2025 08:49:53	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYMKNBYXJLOUJ2RY4CRJXMU		Página	13/24	

súas condicións laborais e a calidade do sistema educativo en aspectos tan centrais como as ratios e a burocracia.

Naquela negociación entre o goberno galego e os sindicatos demandábanse dúas cuestións fundamentais ao respecto das ratios que convén ter presentes para entender a fraude que se produce cunha redución de ratios anunciada como histórica:

1ª. O calendario de redución das ratios debía reducirse e comezarse a aplicar en todas as ensinanzas no curso 2024/25.

2ª. As novas ratios tiñan que ter o mesmo rango legal de ratios máximas que as vixentes.

A circular da Consellería de Educación, indica que en todas as aulas de 6º de EI e de toda a EP se pode chegar a 25 alumnos e alumnas se hai demanda de admisión por riba de 20 de alumnado que xustifique:

- ter o domicilio familiar ou lugar de traballo na área de influencia do centro.
- ou que teña irmá/n matriculada no centro.

Comparemos esta aplicación de “ratios máximas” coas ratios oficiais até a sinatura do acordo. Nunha aula que chegue ao tope de 25 alumnos e alumnas non se pode permitir, no período ordinario de matrícula, superar esa ratio baixo ningún concepto porque teñen, estas si, carácter legal de máximos. Tan só se pode incorporar un 10% de aumento, segundo se fixa na LOE, para incorporacións tardías ou traslados de residencias.

O propio acordo deixaba en papel mollado ese suposto carácter de máximos ao recoller o seguinte:

“Se, nalgún caso excepcional, non se poden cumprir as novas ratios establecidas, por inexistencia de aulas no centro educativo, no caso das ensinanzas de educación infantil e primaria, dotarase o centro dun especialista de educación primaria máis dos que lle corresponden por catálogo”.

É dicir, quen asinaron este acordo, administración e demais sindicatos, asumían que as ratios cualificadas como “máximas” eran en realidade unha referencia, xa que expresamente se permitía superalas. Á Consellaría de Educación, abondáballe con poñer un só docente para todo o centro a maiores para volver ás ratios de partida. Isto, obviamente, condiciona totalmente calquera expectativa de redución de ratios real.

Se estivésemos diante dunha medida seria e rigorosa de redución de ratios e non dunha mera acomodación á caída paulatina da matrícula, a obriga da administración sería ben clara: poñer todos os recursos de dotación de prazas escolares para facer realidade a redución de alumnado por aula.

Dende o Grupo Provincial do BNG vemos que o mesmo goberno galego que tanto se resiste para admitir que existen zonas tensionadas no prezo da vivenda, non ten reparos en alegar que esa “tensión” na matrícula en determinadas zonas e centros do país, só se pode

	IV7SYMKNBYXJLOUJ2RY4CRJXMU		Fecha y Hora	10/05/2025 08:49:53	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYMKNBYXJLOUJ2RY4CRJXMU		Página	14/24	



solucionar ampliando as ratios, porque desdobrar aulas é máis custoso e para iso se preocuparon de poder facer e desfacer as ratios ao seu antollo.

Máis de 16.250 docentes asinaron, solicitando a rectificación e a negociación dun novo texto que dea resposta ás demandas do profesorado.

Polo exposto con anterioridade, o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo, e o seu traslado ao Goberno da Xunta de Galiza, dos seguintes acordos:

1. Instar á Consellería de Educación a acortar o calendario de aplicación da redución de ratios e facelo xa en todas as ensinanzas, fixando para as novas ratios con carácter legal a mesma validez que as ratios actualmente vixentes.
2. Instar á Consellería de Educación a recuperar o horario lectivo de 18 horas en secundaria e de 21 en primaria e reducir de forma efectiva e inmediata a burocracia que soporta o profesorado”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250429&punto=8>

9.-MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA RECLAMAR AO GOBERNO DA DEPUTACIÓN A CONSTRUCCIÓN DA RESIDENCIA DE MAIORES DE FOLGOSO DO COUREL DE XEITO INMEDIATO.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, a teor do seguinte texto:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na

	IV7SYMKNBYXJLOUJ2RY4CRJXMU	Fecha y Hora	10/05/2025 08:49:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYMKNBYXJLOUJ2RY4CRJXMU	Página	15/24



vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial Popular para reclamar ao Goberno da Deputación a construción da residencia de maiores de Folgoso do Courel de xeito inmediato.

Exposición de Motivos:

A Deputación de Lugo e o Concello de Folgoso do Courel subscribían en agosto do 2018 -despois de numerosas xestións previas que deron comezo en setembro do 2015- un convenio de cooperación para a construción da residencia e centro de día da terceira idade no municipio -aprobado en Xunta de Goberno en marzo dese mesmo ano- a través do que ambas entidades adquirían obrigas e compromisos.

O Concello de Folgoso do Courel comprometeuse, entre outras accións, a achegar 200.000 €, poñer os terreos a disposición -o antigo colexio-, conceder permisos e licencias.

Por parte da Deputación de Lugo recollíanse, entre outras, as obrigas de achegar 1,2M€ de financiamento, redactar o proxecto técnico, contratar e recibir as obras na data límite do 31 de maio de 2019 que, posteriormente, coa aprobación de dúas addendas ao convenio -a última a finais do 2021- foi prorrogada ata xullo do 2025.

Ata a data, o goberno local cumpriu os seus compromisos formalizando a cesión da parcela en decembro do 2019, comprometendo a achega dos 200.000€ no orzamento municipal do 2020 -á vista de que no 2019 aínda estaba pendente de modificar o proxecto para adaptalo á normativa vixente- e outorgando, finalmente, licencia municipal en xaneiro do 2022, pouco despois de ser solicitada e obter informes favorables.

Pero o goberno provincial non. Coa sinatura do convenio en agosto de 2018, o presidente -daquela, Darío Campos- anunciaba a licitación para o mes de setembro e o inicio das obras para o último trimestre dese ano 2018; pero seis anos e medio despois os veciños e veciñas de Folgoso do Courel continúan sen o servizo.

Incluso o 18 de xuño de 2020, nunha reunión coa alcaldesa de Folgoso do Courel, Lola Castro, o actual presidente da Deputación de Lugo, José Tomé, manifestaba o seu “total compromiso” de seguir adiante coa tramitación para sacar adiante a construción da residencia.

Ante a falta de avances, a rexedora municipal solicitou unha nova reunión. E en decembro do 2022, o deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera, comunicaba que estaban pendentes de adaptar os prezos á realidade do mercado para poder sacar o proxecto a licitación das obras de construción.

	IV7SYMKNBYXJLOUJ2RY4CRJXMU	Fecha y Hora	10/05/2025 08:49:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYMKNBYXJLOUJ2RY4CRJXMU	Página	16/24





Dende entón, non se coñecen nin un novo paso máis para facer realidade a residencia de maiores de Folgoso do Courel e dar cumprimento ao convenio e ao prometido aos veciños e veciñas deste municipio; mentres que noutros casos o goberno da Deputación de Lugo está a anunciar algún tipo de avance para a construción de novos centros de atención a maiores na provincia a pesar de que puxeron a disposición os terreos moito despois que o Concello de Folgoso do Courel.

Ante esta situación, o Grupo Provincial Popular formulaba no último pleno unha pregunta ao goberno provincial sobre o prazo no que prevía reiniciar o proceso de contratación e as obras de construción de cara a poñer en marcha o centro de atención a maiores no municipio de Folgoso do Courel. E o deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social limitábase a sinalar: *“tan pronto como sexa posible”*.

É dicir, o goberno da Deputación de Lugo mantén paralizados os trámites a falta de tan só tres meses para a data límite de entrega da obra da residencia e centro de día para persoas da terceira idade en Folgoso do Courel.

Ademais, a corporación municipal acordou no pleno de febreiro deste ano 2025, a iniciativa do Partido Popular, reclamar á Deputación de Lugo iniciar os trámites necesarios para a construción desta infraestrutura atendendo ao sentir de tódolos veciños e veciñas.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Deputación de Lugo insta ao equipo de goberno provincial a retomar os trámites para iniciar a construción da residencia e centro de día de maiores de Folgoso do Courel de xeito inmediato”.

A Comisión Informativa, por maioría, coa abstención do señor presidente D. José Tomé Roca, dos señores/as Deputados/as D^a. M^a. del Pilar García Porto, D. Francisco Cajoto Caserío, e D^a. Marisol Morandeira Morandeira, representantes do Grupo Provincial Socialista, e da señora Deputada Dona Iria Castro Fernández, representante do Grupo Provincial do BNG, acorda informar favorablemente a moción presentada e eleva-la ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 12 (correspondentes ós señores deputados do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as

	IV7SYMKNBYXJLOUJ2RY4CRJXMU		Fecha y Hora	10/05/2025 08:49:53	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYMKNBYXJLOUJ2RY4CRJXMU		Página	17/24	

do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250429&punto=9>

10.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA RECLAMAR MELLORAS URGENTES EN INFRAESTRUTURAS VIARIAS PARA GARANTIR A COMUNICACIÓN E A SEGURIDADE VIARIA NO SUROESTE DA PROVINCIA.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular a que se refire o epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción do Grupo Provincial Popular para reclamar melloras urgentes en infraestruturas viarias para garantir a comunicación e a seguridade viaria no suroeste da provincia.

Exposición de Motivos:

O estado das infraestruturas titularidade do Estado é un claro reflexo do constante desagravio que sofre a nosa Comunidade Autónoma, en xeral, e a nosa provincia, en particular, por parte do Goberno de España liderado por Pedro Sánchez.

Das distintas estradas que se atopan en mal estado na nosa provincia, destaca a N-540 que une a cidade de Lugo con outra capital de provincia de Galicia, Ourense.

Precisamente tamén son máis que evidentes os atrasos na finalización da construción da autovía A-56, fundamental para enlazar estas dúas cidades. Pero ~~que~~ dado que non parece que vaia a producirse a curto prazo, a N-540 segue sendo a vía de referencia para realizar os percorridos entre ambas cidades. E constitúe tamén a principal conexión dos lucenses coa alta velocidade ferroviaria logo de que o Goberno de España decidise deixar á provincia de Lugo fóra do mapa da alta velocidade.

E non só para unir ambas cidades, xa que esta estrada comunica vilas importantes do centro e sur da provincia de Lugo como Guntín, Portomarín, Taboada, Chantada ou Carballedo, ademais de dar acceso a municipios como Antas de Ulla ou Monterroso, entre outros.

	IV7SYMKNBYXJLOUJ2RY4CRJXMU	Fecha y Hora	10/05/2025 08:49:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYMKNBYXJLOUJ2RY4CRJXMU	Página	18/24





A estrada ten un tráfico importantísimo, de turismos e camiões de transporte, que están a sufrir o seu mal estado e abandono. Son innumerables as fochancas que se atopan en todo o trazado, ocasionando incluso danos en vehículos e incidentes na condución que se intensifican co mal tempo.

Logo de anos de promesas e anuncios, o último hai uns días, chega o momento de esixir ao Goberno de España feitos, realidades e, sobre todo, seguridade, dado que milleiros de veciños padecen cada día esta estrada e o risco real de accidente ou danos aos vehículos que por alí circulan.

O mal estado das estradas é tamén habitual naquelas de titularidade provincial. Algunhas delas constitúen as principais comunicacións entre municipios como é o caso das LU-P-4001 e LU-P-4402 que conectan os municipios de Palas de Rei, Antas de Ulla e Monterroso.

Ademais de conectar estes núcleos de poboación e polos de emprego como polígonos industriais ou vilas comerciais, estas vías tamén constitúen a conexión máis directa para os veciños e veciñas de Antas de Ulla e Monterroso coa A-54 e, polo tanto, con Santiago ou cos municipios e infraestruturas coas que esta autovía conecta.

Á vista do estado actual da calzada e de que previsiblemente se incremente o seu volume de tráfico unha vez entre en funcionamento ao 100% a autovía A-54, urxe o seu arranxo, ancheamento e mellora para garantir as comunicacións en condicións de seguridade e comodidade para este territorio e os seus veciños

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Deputación de Lugo insta ao equipo de goberno provincial a:

1º.- Dirixirse ao Goberno de España para esixirlle levar a cabo de maneira inmediata a rehabilitación integral do firme da estrada nacional N-540 Lugo-Ourense e impulsar de xeito decidido os proxectos e obras precisos para a construción e posta en marcha da autovía A-56.

2º.- Levar a cabo os traballos e encomendas necesarios de cara á elaboración dos proxectos, trámites e obras precisos para o ensanche e mellora do pavimento e seguridade viaria nas estradas provinciais LU-P-4001 e LU-P-4002.

A Comisión Informativa, por maioría, coa abstención do señor presidente D. José Tomé Roca, dos señores/as Deputados/as D^a. M^a. del Pilar García Porto, D. Francisco Cajoto Caserío, e D^a. Marisol Morandeira Morandeira, representantes do Grupo

	IV7SYMKNBYXJLOUJ2RY4CRJXMU		Fecha y Hora	10/05/2025 08:49:53	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYMKNBYXJLOUJ2RY4CRJXMU		Página	19/24	

Provincial Socialista, e da señora Deputada Dona Iria Castro Fernández, representante do Grupo Provincial do BNG, acorda informar favorablemente a moción presentada e eleva-la ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 12 (correspondentes ós señores deputados do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250429&punto=10>

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

11.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME ANUAL 2025 SOBRE CONTROL INTERNO DA DEPUTACIÓN DE LUGO EN 2024.

Dáse conta do informe anual 2025 sobre control interno da Deputación de Lugo en 2024. O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250429&punto=11>

12.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DA PRESIDENCIA SOBRE ADSCRICIÓN DA DEPUTADA PROVINCIAL DONA IRIA CASTRO FERNÁNDEZ ÁS COMISIÓNS INFORMATIVAS.

O Pleno da Corporación queda enterado do Decreto da Presidencia de data 2 do presente mes de abril, sobre adscripción da Deputada Provincial dona Iria Castro Fernández ás Comisións Informativas.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250429&punto=12>

13.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DA PRESIDENCIA RELATIVO AO NOMEAMENTO DA DEPUTADA PROVINCIAL DONA IRIA CASTRO FERNÁNDEZ, COMO MEMBRO DA XUNTA DE GOBERNO.

Dáse conta do Decreto da Presidencia de data 2 do presente mes de abril, relativo ao nomeamento da Deputada Provincial dona Iria Castro Fernández, como membro da Xunta de Goberno. O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250429&punto=13>

	IV7SYMKNBYXJLOUJ2RY4CRJXMU		Fecha y Hora	10/05/2025 08:49:53	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYMKNBYXJLOUJ2RY4CRJXMU		Página	20/24	



14.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DA PRESIDENCIA RELATIVO AO CESAMENTO DO DEPUTADO PROVINCIAL DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ NA DELEGACIÓN EXECUTIVA DA ÁREA DE XESTIÓN TERRITORIAL EN MATERIAS DE VÍAS E OBRAS.

O Pleno da Corporación queda enterado do Decreto da Presidencia de data 7 do presente mes de abril relativo ao cesamento do Deputado Provincial don Miguel Fernández Méndez na delegación executiva da área de xestión territorial en materias de vías e obras.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250429&punto=14>

15.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día tres ao trinta e un de marzo de dous mil vinte e cinco, que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 0955 ao 1609. O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250429&punto=15>

16.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250429&punto=16>

17.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

O Presidente manifesta que foron presentados dous Rogos e dúas Preguntas por parte do Grupo Provincial Popular, que se tratarán a continuación:

R O G O S

Primeiro.- Presentado polo Grupo Provincial Popular, relativo á mellora e mantemento periódico do paseo do Río Rato, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno da Excm. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

	IV7SYMKNBYXJLOUJ2RY4CRJXMU		Fecha y Hora	10/05/2025 08:49:53	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYMKNBYXJLOUJ2RY4CRJXMU		Página	21/24	

A borrasca Oliver descargaba unha tromba de auga e sarabia o venres 11 de abril en distintos puntos da provincia provocando danos, especialmente, na cidade de Lugo.

A senda peonil e as pontes danadas ou os hortos arrasados xunto á acumulación de residuos -especialmente troncos e ramas- son algunhas das consecuencias desta borrasca no paseo do Rato, de titularidade provincial.

Estes danos evidencian o abandono durante anos do coidado e limpeza da canle, que provoca que cada vez que hai precipitacións abundantes, o río desborde e provoque danos nos paseos, mobiliario e mesmo en propiedades particulares.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial que:

A Deputación de Lugo mellore o mantemento periódico do paseo do Rato e leve a cabo as medidas oportunas dentro da lexislación vixente para garantir a limpeza e mantemento da canle de cara a evitar desbordamentos”.

Segundo.- Presentado polo Grupo Provincial Popular, relativo á posta a punto das principais zonas turísticas nos distintos municipios da provincia, e que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

Os recursos naturais e paisaxísticos da provincia son variados e heteroxéneos. E, xunto a outros do ámbito patrimonial e cultural, supoñen un importante atractivo turístico polo que cómpre que a Deputación Provincial de Lugo, no que atinxe ás súas competencias, favoreza a súa posta en valor.

Co inicio da temporada alta é previsible que aumente o volume de visitantes aos distintos puntos de interese turístico da provincia como, por exemplo, as praias da Mariña ou a Ribeira Sacra, entre outros. E, polo tanto, tamén aumenta, como cada verán, o volume de tráfico nas estradas de titularidade provincial que dan acceso a estes puntos.

É fundamental garantir o acceso a estes recursos en condicións de seguridade non só para o impulso do sector, senón tamén para tódolos usuarios das vías da rede provincial nos distintos municipios da provincia.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial que:

	IV7SYMKNBYXJLOUJ2RY4CRJXMU		Fecha y Hora	10/05/2025 08:49:53	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYMKNBYXJLOUJ2RY4CRJXMU		Página	22/24	



A Deputación de Lugo desenvolva de inmediato un plan de posta a punto das principais zonas turísticas nos distintos municipios da provincia de cara á campaña de verán que inclúa, entre outras medidas, a posta a punto dos elementos patrimoniais e naturais da Deputación Provincial de Lugo, así como tarefas de mantemento e arranxo das estradas provinciais, labores de desbroce das marxes de tódalas estradas da provincia priorizando aquelas con maior volume de tráfico e as que dan acceso a puntos de interese turístico.

PREGUNTAS

Primeira.- Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa ao Centro de Atención a Maiores de Trabada, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte pregunta

Familias dos usuarios e traballadoras do centro residencial de Trabada teñen trasladado ao Grupo Provincial Popular o seu malestar en relación a aspectos do funcionamento da residencia que forma parte da rede provincial da Deputación de Lugo e, incluso, afirman ter presentado queixas ante o libro de reclamacións.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

Que tipo de medidas ten previsto adoptar o goberno provincial para garantir o cumprimento do prego de condicións da licitación do servizo e do convenio colectivo das traballadoras e garantir o benestar dos usuarios do Centro de Atención a Maiores de Trabada?”

Segunda.- Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa ao uso da nave de Begonte, e que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte pregunta

Unha vez iniciada a tramitación do procedemento para o alleamento de bens mobles cualificados de efectos non utilizables polo goberno da institución provincial e que se atopan almacenados na nave propiedade da Deputación de Lugo situada no concello de Begonte, prevese deixar libre ese espazo de titularidade provincial.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

	IV7SYMKNBYXJLOUJ2RY4CRJXMU	Fecha y Hora	10/05/2025 08:49:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYMKNBYXJLOUJ2RY4CRJXMU	Página	23/24



A que uso ten previsto dedicar o goberno provincial a nave de Begonte unha vez sexa liberada dos bens mobles que están en procedemento de alleamento e os que son considerados xa como residuo polo goberno da Deputación de Lugo?"

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250429&punto=17>

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e dez minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

	IV7SYMKNBYXJLOUJ2RY4CRJXMU		Fecha y Hora	10/05/2025 08:49:53	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYMKNBYXJLOUJ2RY4CRJXMU		Página	24/24	